



Concello de Castroverde

CONSULTA PÚBLICA

PROXECTO: ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE ACTOS DE BENVIDA SOCIAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) e co obxectivo de contar coa participación da cidadanía no procedemento de elaboración dunha ordenanza reguladora de actos de benvida social do Concello de Castroverde, se procede a efectuar, en cumprimento do decreto da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, unha consulta pública a través da web municipal e taboleiro de anuncios electrónico, co fin de coñecer a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados polo futuro regulamento.

Prazo: 10 días hábiles a contar dende a publicación na web municipal rematando o prazo o día 24/06/2025.

Forma de participación: a través da dirección electrónica info@concellodecastroverde.com

Poderanse presentar opinións e suxestións en relación ós puntos relacionados no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Ao obxecto de facilitar a participación na consulta pública se facilita a seguinte información sobre o proxecto normativo:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa nova normativa:

O Concello de Castroverde pretende con esta ordenanza dar a benvida social ao Concello de Castroverde aos nenos e nenas menores de idade, dando así unha resposta as numerosas e inquietudes formuladas a esta corporación por parte da súa veciñanza en relación a esta cuestión.

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

Na actualidade non existe norma regulamentaria que dea cobertura ao acto de benvida social que se pretende.

c) Obxectivos da norma:

A presente ordenanza pretende dotar ao Concello dun marco regulador estable e coñecido por todos e todas en relación á celebración dunha cerimonia laica de benvida, acollemento social e presentación social de nenos e nenas menores de idade ante a comunidade veciñal e que se denomina benvida social.

d) Posibles solucións e alternativas reguladoras e non reguladoras:

As ordenanzas e regulamentos son a manifestación da potestade regulamentaria ou normativa das entidades locais. Se trata, pois, da única opción reguladora da que dispón o concello para o desenvolvemento da normativa de referencia.

Este proceso de información previa non exclúe o previsto no artigo 49 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para a presentación de alegacións e suxestións no trámite de información pública, tras a aprobación inicial polo Pleno do Concello

